



MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,


CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o vinte e tres de novembro de dous mil dezaseis, adoptou o seguinte acordo:

9/776 CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, ACTUALIZACIÓN E SOPORTE DE LICENZAS DE PRODUTOS MICROSOFT MEDIANTE CONTRATO “OPEN VALUE SUSCRPTION DE GOBERNO” PARA O CONCELLO DE LUGO (EXPTE. REF. 3-2016). DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO. APROBACIÓN DE NOVOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 25 de outubro de 2016 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

- I. Acordo núm. 20/348 da Xunta de Goberno local do 1 de xuño de 2016 polo que se aproba a contratación da SUBMINISTRACIÓN, ACTUALIZACIÓN E SOPORTE DE LICENZAS DE PRODUTOS MICROSOFT MEDIANTE CONTRATO “OPEN VALUE SUSCRPTION DE GOBERNO” PARA O CONCELLO DE LUGO, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e o gasto.
- II.- Anuncio de licitación no BOP de Lugo núm. 138 do 16 de xuño de 2016
- III.- Informe do Rexistro Municipal onde indica que non se presentou plica ningunha a este procedemento.
- IV.- Acta da Mesa de Contratación do 4 de xullo de 2016 onde se propón a declaración de deserto do procedemento así como remisión ao responsable do Servizo de Informática para emisión de informe sobre continuación ou non do procedemento ou sobre a modificacións das condicións técnicas
- V.- Informe do analista programador de Informática do 6 de xullo de 2016 informando que a ausencia de licitadores débese a un erro no cálculo anual do prezo ao non ter en conta o prezo dunha licenza xunto co correspondente prego de prescricións técnicas coas correccións oportunas.
- VI. Certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento xeral de 2016, do 12 de agosto de 2016 (ARC 53400).
- VII.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación de referencia elaborado polo servizo municipal de contratación, patrimonio e fomento do 9 de setembro de 2016.
- VIII. Novo certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 92002.64100 do vixente Orzamento xeral de 2016, do 29 de setembro de 2016 (RC 86779), por cambio da aplicación orzamentaria.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x480090776

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97, do 17 de xaneiro, sobre regulamentación dos servizos de prevención.
- Real decreto 486/97, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. No procedemento de licitación seguido para a adxudicación do contrato de SUBMINISTRACIÓN, ACTUALIZACIÓN E SOPORTE DE LICENZAS DE PRODUTOS MICROSOFT MEDIANTE CONTRATO "OPEN VALUE SUSCRIPCIÓN DE GOBERNO" PARA O CONCELLO DE LUGO non se presentou oferta ningunha polo que a Mesa de Contratación propón a declaración de deserto do procedemento e solicita a emisión de informe do responsable municipal.

O analista programador emite informe o 6 de xullo de 2016 que textualmente di:

"Que a ausencia de licitadores débese a un erro no cálculo anual do prezo que se houbo de incluír ao estar finalizando a redacción do PPT, momento no que non se tivo en conta o prezo das licenzas CAL de Windows Server (License/Software Assurance Pack para 332 usuarios) ao totalizar o custo dos produtos.

O custo dese software ascende a 19€ + IVE por cada usuario, representando 6.308€ + IVE anuais.

Dado que é imprescindible proceder á contratación en cuestión, realizo as correccións pertinentes ao PPT para, segundo proceda, continuar o proceso de contratación ou iniciar un novo.

Por mor do dilatado tempo que transcorreu dende o comezo da elaboración dos pregos técnicos e a publicación final do concurso, a empresa creadora do software ten cambiado unha das referencias dos produtos de software obxecto deste contrato, aínda que o prezo é o mesmo, e que é a que correspondería ao "MS Win Ent for SA All Lng Upgrade/Software Assurance Pack Open Value 1 License Level D UTD", código CW2-00113, que pasa a corresponder ao código KV3-00360, denominado "MS Win Ent ALNG UpgrdSAPk OLV D 1Y UTD Open Value

CSV: ed9FPLuNlxL3YqBQkUnXlw==

SINATURAS

MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO


SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 2 / 30

DATAS(UTC)

01/12/2016 11:27:25

01/12/2016 11:27:24





Suscription". Por este motivo, procedo tamén á actualización desta modificación na nova redacción do PPT."

O artigo 170 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público permite a aplicación dun procedemento negociado en casos en que tras seguirse un procedemento aberto non se presentara oferta ningunha sempre e cando non se modifiquen as condicións iniciais do contrato.

Dado que se modifica o prezo de licitación e se modifica a denominación dalgunha das licenzas procede realizar unha nova licitación do contrato por procedemento aberto.

Segundo.- Este contrato pode ser cualificado como un contrato mixto de subministro e servizos regulado no artigo 12 do TRLCSP e que ten por obxecto por unha banda a subministración, actualización e soporte de licenzas de produtos Microsoft mediante contrato "Open Value Suscription de Goberno" para o Concello de Lugo na súa modalidade de alugueiro, e por outra o mantemento (Software Assurance) do devandito software, todo isto de acordo co prego de prescricións técnicas elaborado polo analista programador do Departamento Municipal de Informática.

Non obstante, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña máis importancia dende o punto de vista económico que neste caso é a subministración, xa que a prestación principal consiste na subministración (artigo 12 TRLCSP)

Terceira. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 131 do TRLCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP. Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP sendo na súa totalidade criterios avaliábeis automaticamente.

Cuarta. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e a normativa específica de aplicación."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmá. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x480090776

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.ª ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.ª MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar deserto o procedemento de licitación convocado para a CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, ACTUALIZACIÓN E SOPORTE DE LICENZAS DE PRODUCTOS MICROSOFT MEDIANTE CONTRATO “OPEN VALUE SUSCRPTION DE GOBERNO” PARA O CONCELLO DE LUGO polos motivos recollidos na acta da Mesa de Contratación do 4 de xullo de 2016 que se dan por reproducidos para os efectos da súa fundamentación.

SEGUNDA.- Aprobar a CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, ACTUALIZACIÓN E SOPORTE DE LICENZAS DE PRODUTOS MICROSOFT MEDIANTE CONTRATO “OPEN VALUE SUSCRPTION DE GOBERNO” PARA O CONCELLO DE LUGO.

TERCEIRA.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación de referencia, sendo o teor literal o seguinte:

A) “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN, ACTUALIZACIÓN E SOPORTE DE LICENZAS DE PRODUCTOS MICROSOFT MEDIANTE CONTRATO “OPEN VALUE SUSCRPTION DE GOBERNO” PARA O CONCELLO DE LUGO (EXPT.EF. 3-2016).

ÍNDICE

- **CLÁUSULA PRIMEIRA.** OBXECTO DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA SEGUNDA.** NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA TERCEIRA.** DURACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA CUARTA.** PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO.
- **CLÁUSULA QUINTA.** PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.



- **CLÁUSULA SEXTA.** CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.
- **CLÁUSULA SÉTIMA.** GARANTÍAS.
- **CLÁUSULA OITAVA.** ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA NOVENA.** PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMA.** DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.
- **CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA.** MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA.** CRITERIOS DE VALORACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.
- **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.** ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA.** FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA.** EXECUCIÓN DOS CONTRATOS. CONDICIÓN ESENCIAL DE EXECUCIÓN.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA.** RECEPCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN. PRAZO DE GARANTÍA.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA.** GASTOS
- **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA.** CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA.** RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMA.** PAGAMENTO.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA.** EXTINCIÓN DOS CONTRATOS.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA.** RÉXIME DE RECURSOS.
- **ANEXO I.** DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN REXISTRAL.
- **ANEXO II.** MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).
- **ANEXO III.** DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.
- **ANEXO A.** PRESENTACIÓN DE PLICAS.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.

Este contrato ten por obxecto a subministración, actualización e soporte de licenzas de produtos Microsoft mediante contrato "Open Value Subscription de Goberno" para o Concello de Lugo na súa modalidade de aluguer, así como o mantemento (Software Assurance) do devandito software, todo esto de acordo co prego de prescricións técnicas elaborado polo analista programador do Departamento Municipal de Informática.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x480090776

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

CPV: 72540000-2 servizos de actualización informática
80533100-0 servizos de información informática

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Trátase dun contrato mixto de subministración e servizos regulado no artigo 12 do TRLCSP e que ten por obxecto por unha banda a subministración, actualización e soporte de licenzas de produtos Microsoft mediante contrato "Open Value Subscription de Goberno" para o Concello de Lugo na súa modalidade de aluguer, e por outra o mantemento (Software Assurance) do devandito software, todo esto de acordo co prego de prescricións técnicas elaborado polo analista programador do Departamento Municipal de Informática.

Non obstante, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña mais importancia dende o punto de vista económico que neste caso é a subministración (artigo 12 TRLCSP).

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO.

6

CSV: ed9FPLuNlxL3YqBQkUnXlw==

SINATURAS

MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO

SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 6 / 30

DATAS(UTC)

01/12/2016 11:27:25

01/12/2016 11:27:24

O contrato estará vixente polo período de **tres anos**, a contar dende a formalización do mesmo, durante os que o software determinado no apartado 3 do prego de prescricións técnicas, atoparase baixo licenzamento "Open Value Subscription", segundo corresponda á primeira ou segunda e terceira anualidades. Todos os servizos asociados ó sistema de licenzamento "Open Value Subscription" estarán vixentes durante os tres anos do contrato. Os prazos de subministración serán:

- 1º.- Para a subministración inicial das licenzas identificadas para a primeira anualidade será de QUINCE DÍAS HÁBILES dende a sinatura do contrato.
- 2º.- Para a subministración das licenzas identificadas para a segunda e terceira anualidade será de quince días seguintes ao remate a cada período anual do contrato.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO.

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de **138.067 euros, ó que sumado o 21% de IVE (28.994,07 euros)** resulta un orzamento máximo de **167.061,07 euros para os tres anos desglosado como segue:**

Primeira anualidade: 34.969,00 € + IVE (21%): 42.312,49 €

Segunda anualidade: 51.549,00 € + IVE (21%): 62.374,29 €

Terceira anualidade: 51.549,00 € + IVE (21%): 62.374,29 €

Para tódolos efectos enténdese que nos prezos ofertados están incluídos tódolos gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento das obrigas contratadas como son os gastos xerais, financeiros, beneficio, seguros transporte e desprazamento, manutención, soldos do persoal e do coordinador, taxas e toda clase de tributos.


Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 92002.64100 do vixente Orzamento xeral para a cantidade de 42.312,49 euros (RC 86779 CP 16XX00045), segundo certificado de Tesourería de data 29 de setembro de 2016, debendo comprometerse a habilitar crédito para facer fronte os gastos deste contrato para as restantes anualidades.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

Este contrato adxudicarase polo procedemento **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP e conforme o establecido na cláusula seguinte destes pregos de cláusulas administrativas.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x480090776

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as UNIÓNS DE EMPRESARIOS que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.

6.1.-A xustificación da **solvencia económica e financeira** deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

Co **volumen anual de negocios** (cifra de negocios por importe neto que se reflicta na conta de perdas e ganancias da conta anual) referido ao ano de maior volume de negocio dos últimos tres anos anteriores á licitación deste contrato por **importe igual ou superior a 69.000 euros IVE excluído**.

Para a acreditación deste volume anual de negocios achegaranse as contas anuais do ano de maior volume de negocio aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil ou oficial que corresponda mediante a certificación, nota simple ou información análoga expedida polo Rexistro e que conteña as contas anuais, sempre que estea vencido o prazo de presentación e se atopen depositadas; se o último exercizo se atopase pendente de depósito, deben achegarse acompañadas da certificación da súa aprobación polo órgano competente para isto e da súa presentación no Rexistro.

Os empresarios individuais non inscritos acreditarán o volume anual de negocio por medio dos libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.

- Co **Patrimonio neto positivo ou ben ratio entre activos e pasivos** ao peche do último exercizo económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais **por importe superior á unidade**. Non obstante as sociedades deberán superar o importe establecido na lexislación mercantil para non incorrer en causa de disolución

6.2.- A solvencia técnica deberá ser xustificada do seguinte xeito:

Mediante a acreditación de experiencia na realización de subministracións de características similares a este contrato (subministracións y mantemento de produtos Microsoft) por un importe anual acumulado no ano de maior execución durante os derradeiros cinco anos que sexa igual ou superior a **32.000 euros IVE excluído**.

Para a súa acreditación achegarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva das subministracións realizados, descrición de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización. Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibise o requirimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.


OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.gal).

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición mediante unha instancia ou escrito conforme ao anexo A "PRESENTACIÓN DE PLICAS" acompañada de DOUS sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono, correo electrónico e fax para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x480090776

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

coa letra A de DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA e letra B de OFERTA ECONÓMICA. En tódolos sobres identificarase a referencia do expediente (**EXP.REF. 3-2016**).

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas, de luns a sábado (sábados das 9 as 13 horas) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas.

3.- **Declaración responsable do licitador (modelo do ANEXO II)** outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta



declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste. Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Advírteselles aos licitadores que a comprobación de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias co Concello de Lugo - referido ao momento de presentación de ofertas - realizarase de oficio polo que, de acreditarse a existencia de débedas co Concello, esta circunstancia suporá unha falsidade na súa declaración responsable que impedirá realizar a adxudicación ao seu favor por atoparse en prohibición para contratar.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.


4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto legislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. Para a acreditación deste último requisito, na declaración responsable do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas que deberá achegar coa certificación que se menciona nos parágrafos seguintes, inclúese un apartado a estes efectos.

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x480090776

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO I) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 44 da LCSP).

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUBSTITUÍR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (apartados 1 a 6) DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TÓDALAS CONDICIÓN ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO III DESTES PREGOS

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de discriminación e igualdade de trato.

O sobre B - OFERTA ECONÓMICA conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, ACTUALIZACIÓN E SOPORTE DE LICENZAS DE PRODUCTOS MICROSOFT MEDIANTE CONTRATO “OPEN VALUE SUSSCRIPTION DE GOBERNO” PARA O CONCELLO DE LUGO (EXP. REF. 3-2016).**

b) Oferta como **prezo total do contrato** de euros polo que sumado o IVE (21%) euros, resulta un total deeuros IVE incluído desglosado:

- Primeira anualidade: euros máis o IVE (21%) euros .Totaleuros IVE incluído.

- Segunda anualidade: euros máis o IVE (21%) euros .Totaleuros IVE incluído.

- Terceira anualidade: euros máis o IVE (21%) euros .Totaleuros IVE incluído.

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS.

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello ou funcionario/a do servizo que o substitúa.

VOCAIS:

- Analista Programador do Servizo de Informática ou funcionario/a que o substitúa.

- O Secretario Xeral do Pleno ou funcionario/a que o substitúa.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x480090776

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

- A titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou funcionario/a que a substitúa.

- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa.

- O titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que o substitúa.

SECRETARIO: Técnico/a do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

O acto de apertura das ofertas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE VALORACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.

12.1.- O criterio a empregar na valoración das ofertas que se presenten será exclusivamente **o prezo ofertado** para o conxunto da subministracións para os tres anos, dentro dos límites establecidos na cláusula cuarta.

- Obterá 10 puntos a empresa que oferte o prezo máis baixo.

- Obterá 0 puntos a empresa que oferte o prezo de licitación (138.067 euros IVE excluído).

- As restantes ofertas económicas valoraranse de xeito directamente proporcional.

Non se establecen para este contrato parámetros para apreciar a existencia de baixas temerarias.

Na oferta económica deberá desglosarse o prezo ofertado para cada anualidade.

12.2.- PREFERENCIA EN CASO DE EMPATE.

En aplicación do establecido na disposición adicional cuarta do TRLCSP, establécese a **preferencia na adxudicación** deste contrato para as proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que no momento de acreditar a súa solvencia técnica teñan na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%, sempre que as ditas proposicións iguallen nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación.

Se varias empresas licitadoras das que tivesen empatado en canto á proposición mais vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 %, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla.

Asimesmo e de manterse a igualdade terán preferencia na adxudicación deste contrato, en igualdade de condicións coas que sexan economicamente máis vantaxosas, as proposicións presentadas por empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social. Igualmente, resultarán aplicables os criterios establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Na mesma forma e condicións, poderá establecerse e se persiste a igualdade a preferencia na adxudicación deste contrato relativos a prestacións de carácter social ou asistencial para as proposicións presentadas por entidades sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica, sempre que a súa finalidade ou actividade teña unha relación directa co obxecto do contrato nos termos previstos na normativa de contratación pública.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o órgano de contratación requirirá ó licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación administrativa dentro do sobre A, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.


De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x480090776

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houberese esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO. CONDICIÓE ESENCIAL DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estricte suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (Analista programador DT), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

O responsable municipal do contrato velará pola axeitada xestión contractual de xeito que na súa execución non se produzan situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores atendendo, no seu caso, as instrucións que se aproben polo Concello de Lugo.

En concreto velará porque:

- O contratista achegue a súa propia dirección e xestión ao contrato e sexa responsable da organización do servizo.
- O contratista a través dos seus delegados se responsabilice de impartir ós traballadores adscritos a este contrato as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de modo que o Concello de Lugo sexa alleo a estas relacións laborais.
- O contratista canalice a través dos seus delegados as posibles incidencias de cara a prestar adecuadamente o servizo.

O responsable municipal do contrato deberá corrixir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución que poida supoñer infracción das anteditas regras proponendo se é o caso o oportuno expediente sancionador ou de resolución do contrato.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP.

Aos efectos do artigo 223.h) do TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución deste contrato poderá dar lugar á resolución deste contrato.

De conformidade co artigo 228 bis do TRLCSP o Concello de Lugo poderá comprobar o estricto cumprimento dos pagamentos do contratista cos seus subcontratistas e subministradores. En consecuencia o contratista está obrigado a pagar ós subcontratistas e/ou subministradores os prezos pactados nos prazos legalmente establecidos e xustificar esta circunstancia ó Concello de Lugo cando así se requira.

Esta obriga ten a consideración de **condición esencial de execución** e o seu incumprimento dará lugar á imposición de penalidades previstas neste prezo así como á resolución do contrato de conformidade co artículo 223.h) del TRLCSP.

5.- A empresa contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo sobre o seu persoal encargado da execución do contrato o poder de dirección inherente a todo empresario e disporá dunha estrutura xerarquizada que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios e directrices de realización de traballo.

A empresa contratista **designará un delegado** que se encargará da dirección e organización da actividade dos traballadores da empresa adscritos á execución deste contrato así como do control da vixilancia do horario e xornada de traballo deles correspondéndolle á empresa a concesión de licenzas, vacacións, permisos e substitucións do persoal así como calquera outra manifestación das facultades do empregador sendo o Concello de Lugo de todo alleo a estas relacións laborais. En todo caso o servizo quedará sempre convenientemente cuberto.

Corresponde exclusivamente a este delegado relacionarse co responsable municipal do contrato a efectos de coordinación e seguimento do contrato. A través deste delegado canalizaranse as posibles incidencias que se detecten por parte do responsable municipal.

A empresa contratista velará porque os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse das funcións delimitadas nos pregos e porque non se produzan situacións tendentes a producir unha cesión ilegal de traballadores. Neste senso darán cumprimento estricto ás instrucións e ordes dadas polos responsables municipais para evitar esta situación dando lugar á comisión de infracción grave a súa desobediencia .

É responsabilidade da empresa facilitar aos seus traballadores tódolos medios materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo.

DÉCIMO SEXTA- RECEPCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN. PRAZO DE GARANTÍA.

O adxudicatario deberá instalar, configurar e realizar a totalidade das prestacións obxecto do contrato dentro do prazo de execución establecido na cláusula terceira.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x480090776

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

A tal efecto deberá notificar por escrito ó responsable do servizo cunha antelación mínima de 48 horas o día e hora para efectuar a acta de entrega dos traballos.

A mora do adxudicatario non precisará de previa intimación por parte do Concello.

O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados ós bens antes da súa entrega ó Concello.

No momento da entrega levantarase a correspondente acta de entrega. Se o responsable non estivese conforme cos traballos realizados farase constar así na acta e daranse as instrucións oportunas ó contratista para que subsane os defectos observados.

Non procederá a devolución da garantía definitiva ata o remate total do contrato.

DÉCIMO SÉTIMA. GASTOS.

Os gastos de anuncios de licitación serán por conta do contratista (o importe indícase no propio anuncio). O contratista estará asimesmo obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO OITAVA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

18.1.- O contratista está obrigado a cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes. As obrigas establecidas neste parágrafo configúranse como **condicións especiais de execución ás que se lles atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co artigo 118 podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.**

Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria -que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- non escusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

18.2.- Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate, sempre que sexa requirida, a seguinte documentación:



1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, cando sexa requirida con carácter previo, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.


DÉCIMO NOVENA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS.

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente ó presente prego, ó de prescricións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no TRLCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x480090776

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

VIXÉSIMA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra factura anual unha vez realizada a instalación e unha vez efectuados os controis regulamentarios correspondentes polo responsable do contrato, o concelleiro delegado da área xestora e maila Concelleira delegada da área de economía, emprego e desenvolvemento económico.

Se as facturas son de importe igual ou inferior a 5.000 euros poderá presentarse en formato papel ante un rexistro administrativo dos sinalados na Lei 30/1992 no prazo máximo de trinta días dende a realización do servizo e dirixidos ó Excmo. Concello de Lugo.

Se a factura é de importe superior a 5.000 euros estas deberán ter un formato electrónico e presentarse a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asinados ó Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo

Órgano Xestor: LA0005487 – Servizos Xerais e Participación Cidadá.

Unidade Tramitadora: LA0005557– Informática

VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecido no prego de prescricións técnicas así como polo incumprimento das condicións da súa oferta.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Os efectos do artigo 223.f), considéranse **obrigas contractuais esenciais**, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato, as obrigas e condicións esenciais sinaladas na cláusula **décimo quinta e décimo oitava** deste prego. Asimesmo poderá dar lugar á resolución do contrato a reiterada obstrución ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen prexuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e prexuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.



VIXÉSIMO SEGUNDA .- PENALIDADES.

O contratista estará obrigado a cumprir o contrato conforme ás condicións establecidas no prego de prescricións técnicas así como ás condicións da súa oferta.

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP o **incumprimento defectuoso** do contrato poderá dar lugar á imposición de penalidades por importe do 1% do importe de adxudicación do contrato IVE incluído, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, neste caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

As penalidades faranse efectivas mediante deducción das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das facturas correspondentes.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Contra os actos que se relacionan no artigo 310.2 da LCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no artigo 310, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, ACTUALIZACIÓN E SOPORTE DE LICENZAS DE PRODUCTOS MICROSOFT MEDIANTE CONTRATO “OPEN VALUE SUSCRPTION DE GOBERNO” PARA O CONCELLO DE LUGO (EXP.REF. 3-2016) declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:



CSV: ed9FPLuNixL3YqBQkUnXlw==

SINATURAS

MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO



SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 21 / 30

DATAS(UTC)

01/12/2016 11:27:25

01/12/2016 11:27:24

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x480090776

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

- 1.
- 2.
- 3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro.

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2016.

Asdo.:

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de,

co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, ACTUALIZACIÓN E SOPORTE DE LICENZAS DE PRODUCTOS MICROSOFT MEDIANTE CONTRATO “OPEN VALUE SUSCRPTION DE GOBERNO” PARA O CONCELLO DE LUGO (EXP.REF. 3-2016) declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así

como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

**ANEXO III
DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS
LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO
DE LUGO.**

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa.....con CIF, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, ACTUALIZACIÓN E SOPORTE DE LICENZAS DE PRODUCTOS MICROSOFT MEDIANTE CONTRATO “OPEN VALUE SUSSCRIPTION DE GOBERNO” PARA O CONCELLO DE LUGO (EXP.REF. 3-2016) declaro baixo a miña responsabilidade:**


1º.- Que o asinante desta declaración como representante da empresa así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo o servizo de referencia, en particular o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei* e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

** En caso de basearse a solvencia en capacidade doutras empresas (integración da solvencia por medios externos) deberá identificar a dita entidade.*

2º.- Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

3º.- Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

4º.- Que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x480090776

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

5º.- Que o asinante desta declaración, a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma non interviñeron en negociación e/ou acordo algún para falsear a competencia e que non ten coñecemento da existencia dun posible conflito de intereses debido a súa participación neste procedemento de contratación.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

 Concello de Lugo						
ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS"						
DATOS DO LICITADOR						
NOME DA EMPRESA (Se é empresario individual indicar nome e apelidos)						
ENDEREZO:						
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	DOCUMENTO DE IDENTIDADE: <input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> TARXETA <input type="checkbox"/> PASAPORTE <input type="checkbox"/> NIE				
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. O enderezo para os efectos de notificación será o consignado na solicitude como actual.		<table border="1"><tr><th>NÚMERO</th><th>LETRA</th></tr><tr><td> </td><td> </td></tr></table>	NÚMERO	LETRA		
NÚMERO	LETRA					
REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de que a persoa interesada actúe por medio de representación legal):						

NOME:	1º APELIDO:	2º APELIDO:
DOC. IDENTIDADE:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN AO CAL CONCORRE

EXPT. REF.: 3-2016.

DENOMINACIÓN: CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN, ACTUALIZACIÓN E SOPORTE DE LICENZAS DE PRODUCTOS MICROSOFT MEDIANTE CONTRATO "OPEN VALUE SUSCRIPCION DE GOBERNO" PARA O CONCELLO DE LUGO.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

SOBRE A: documentación administrativa.
SOBRE B: oferta económica.


Lugo, _____ de _____ de
A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello."

B) << PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN, ACTUALIZACIÓN E SOPORTE DE LICENZAS DE PRODUTOS MICROSOFT MEDIANTE CONTRATO "OPEN VALUE SUSCRIPCION DE GOBERNO" PARA O CONCELLO DE LUGO

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Centradose no proceso de consolidación de almacenamento e procesamento que se está a levar a cabo no Concello de Lugo, un paso fundamental corresponde á implantación do paradigma de virtualización de servidores, xa moi desenvolvido neste Concello, e no de virtualización de escritorios que, polo de agora, aínda é un proxecto que se está a contratar, téndose elaborado un concurso para dotar ao Concello dun sistema de escritorios virtuais para os usuarios que permita dispoñer



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x480090776

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

dunha infraestrutura flexible en canto a crecemento e que facilite, coas debidas garantías de seguridade e confidencialidade, o acceso remoto ao escritorio de cada usuario, e mesmo dende dispositivos móbiles.

Esta implantación materialízase na instalación dunha infraestrutura soportada pola plataforma de virtualización existente no Concello de Lugo, que permitirá a virtualización de escritorios e aplicacións, segundo un esquema de escritorios virtuais compartidos (Hosted Shared Desktop) ou de escritorios virtuais dedicados (VDI). Realizarase unha migración da actual plataforma do Concello de Lugo, Citrix Presentation Server, a Citrix XenDesktop Enterprise 7.5 sobre a tecnoloxía virtual Xenserver, da que se dispón na actualidade no Concello de Lugo. Coa implantación de ambos produtos xuntos, XenApp e XenDesktop, deberanse poder entregar aplicacións e/ou escritorios (desktops) aos usuarios, segundo se vaian necesitando, dun xeito rápido, sinxelo e seguro.

Cando estea implantada esta solución, o custo do hardware requirido para cada posto de traballo verase redución á quinta parte do custo actual.

Simultaneamente a este proceso de renovación e cambio de tecnoloxía dos postos de traballo. realízouse un estudo de licenzamento para a definición dos requisitos que debería cumprir o software de base estándar do Concello para os postos de traballo que, necesariamente deberán estar instalados nos servidores que despregarán os escritorios para os usuarios. Moitos dos produtos software a implantar nos postos de traballo corresponden a aplicacións da mercantil Microsoft.

Dada a complexidade e as múltiples e incesantes variacións no tempo dos sistemas de licenzamento de Microsoft, mediante a autorización do decreto 13005026 do 22/05/2013, levouse a cabo un proxecto de Xestión de Activos de Software (SAM: Software Asset Management), realizado por unha empresa externa, con persoal especializado en licenzamento Microsoft, fundamentalmente en contornas complexas coma son nos equipos servidores ou nas contornas virtualizadas.

Durante o proceso leváronse a cabo diversas accións, coma son:

- Avaliación do uso que se fai das licenzas instaladas: identificando todos os activos de TI na rede municipal, incluíndo “desktops”, “laptops”, e servidores. Identificáronse todas as aplicacións que requiren unha licenza e as que son gratúitas (freeware).
- Xuntáronse as licenzas por volume dos fabricantes e identificáronse as difíciles de controlar (FPP, OEM). Estudouse a situación comparando o software instalado coas licenzas, dereitos de produtos, acordos, downgrade, upgrade, virtualización, etc.
- Desinstalóuse o software non empregado.
- Finalmente fíxose unha consultoría de licenzamiento, cun plan específico para conseguir que todo o software instalado se empregue correctamente e que, no seu caso, se adquira co contrato que máis aforro de custos proporcione.

O software considerado abrangue dende os sistemas operativos para servidores de propósito xeral ou servidores de uso interno, ata aplicacións de produtividade persoal, ou de desenvolvemento e proxectos para estacións de

traballo, ... Non é posible empregar software libre en todos os casos, entre outras razóns pola alta integración existente nalgúns desenvolvementos de software propios (que utilizan tecnoloxías Microsoft dende hai preto de vinte anos), así coma o non ter atopado certificacións da integración de produtos de software libre coa contorna de virtualización empregada no Concello de Lugo.

Tras a realización do estudo SAM, valoráronse as diferentes opcións de licenzamento:

- Open Value Suscripción: pago por uso (con pago fraccionado) que inclúe Software Assurance (mantemento) que proporciona á súa vez, o acceso a Desktop Virtual (VDA) sen custo adicional.
- Open Value: adquisición con posibilidade de pago fraccionado que inclúe Software Assurance (mantemento) con VDA sen custo adicional.
- Open: Adquisición sen mantemento, polo que ten un custo engadido para o acceso virtual (VDA)

Atopouse que a opción de licenzamento máis axeitada para o Concello, adaptada ó obxectivo de diminución dos custos do mantemento dos postos de traballo, así coma á axilidade na adaptación ás diferentes necesidades de licenzamento de software, que cambian a cotío, corresponde ó contrato "Open Value Suscription". Este xeito de licencias aporta ademais as vantaxes de evitar o custo de compra das novas versións de software (software assurance), aforro de custos na implantación e integración de aplicacións, melloras na seguridade dos sistemas operativos, redución do tempo medio de resolución de incidencias por soporte online ou vía telefónica ou evitar o custo do soporte en actualizacións críticas.

A tal fin, e co obxectivo final de actualizar e unificar as licenzas de Produtos Microsoft imprescindibles, decidiuse convocar este concurso, enmarcado dentro do licenciamiento "Open Value Subscrición de Goberno" que inclúe o dereito de uso e o mantemento do software que se empregan, e que supoñen unha vantaxe económica para o Concello respecto dos outros tipos de licenzamento.

2. OBXECTO DO CONCURSO

O obxecto do presente concurso é a subministración, actualización e soporte de licenzas de produtos Microsoft mediante contrato "Open Value Suscription de Goberno" para o Concello de Lugo, na súa modalidade de aluguer, así como o mantemento (Software Assurance) do devandito software e das vantaxes achegadas pola contratación do acordo.

Este contrato cubrirá a seguinte relación de produtos:

- Contorna de licenzas cliente: Software ofimático para clientes (familia Office Professional)
- Sistemas operativos para servidores: Windows Server Standard.
- Licenzas de acceso: Cal de Windows.
- Software de desenvolvemento: Visual Studio Professional

3. RELACIÓN DE LICENZAS



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x480090776

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

A identificación, código e unidades dos produtos a ofertar, detállanse nas seguintes táboas, sendo o contrato de licenzas Microsoft "Open Value de Goberno en modalidade de subscrición".

A composición da licitación comprende as seguintes licenzas na primeira anualidade:

	Código	Descrición	Progr. de Licenzas	Unidadess
Escritorio				
	79P-01718	MS Office Professional Plus All Lng License/Software Assurance Pack Open Value 1 License Level D UTD 1 Year	Open Value Subscription	120
	KV3-00360	Microsoft® Win Ent ALNG UpgrdSAPk OLV D 1Y UTD	Open Value Subscription	332
Ferram. Desenvolv.				
	77D-00060	Assurance Pack Open Value 1 License Level D Additional Product 1 Year Acquired Year 1	Open Value Subscription	2
Sist. Oper. Serv.				
	P73-05631	MS Win Server Standard All Lng License/Software Assurance Pack Open Value 1 License Level D Additional Product 2 PROC 1 Year	Open Value Subscription	3
	R18-02412	Microsoft® Windows® Server CAL License/Software Assurance Pack	Open Value	332
	Q6Y-00004	ExchgeOnlnPlan1Open ShrdSvr ALNG Subs VL OLV D 1Mth AP	Open Value Subscription	332

Para a segunda e terceira anualidades a licitación comprende as seguintes licenzas:

	Código	Descrición	Progr. de Licenzas	Unidadess
Escritorio				
	79P-01717	OfficeProPlus ALNG LicSAPk OLV D 1Y Ent	Open Value Subscription	120
	CW2-00097	WinEntforSA ALNG UpgrdSAPk OLV D 1Y Ent	Open Value Subscription	332
Ferram. Desenvolv.				
	77D-00060	Assurance Pack Open Value 1 License Level D Additional Product 1 Year Acquired Year 1	Open Value Subscription	2
Sist. Oper. Serv.				
	P73-05631	MS Win Server Standard All Lng License/Software Assurance Pack Open Value 1 License Level D Additional Product 2 PROC 1 Year	Open Value Subscription	3
	R18-02412	Microsoft® Windows® Server CAL License/Software Assurance Pack	Open Value	332
	Q6Y-00004	ExchgeOnlnPlan1Open ShrdSvr ALNG Subs VL OLV D 1Mth AP	Open Value Subscription	332

4. DOCUMENTACIÓN

O adxudicatario procederá á subministración de toda a documentación técnica do fabricante que se requira para levar a cabo con éxito a implantación do proxecto, en particular aquela que sexa precisa para garantir a continuidade, operatividade e dispoñibilidade da solución.

A documentación deberá aportarse en soporte dixital.

5. GARANTÍAS E MANTEMENTO

Ó tratarse de sistemas de licenzamento Open Value Subscription, de pago por uso, todo o software licenciado atópase baixo mantemento (Software Assurance), que inclúe, entre outros servizos, a actualización de todas as licenzas, segundo sexan liberadas polo fabricante as correspondentes versións e revisións do software. Esta opción de contratación inclúe tamén o acceso a “desktop” virtual (VDA) sen custo engadido.

6. DURACIÓN DO CONTRATO E SUBMINISTRACIÓN

O contrato estará vixente polo período de **tres anos**, a contar dende a formalización do mesmo, durante os que o software determinado no apartado 3 deste prego, atoparase baixo licenzamento “Open Value Subscription”, segundo corresponda á primeira ou segunda e terceira anualidades.

Todos os servizos asociados ó sistema de licenzamento “Open Value Subscription” estarán vixentes durante os tres anos do contrato.

A subministración inicial das licenzas identificadas para a primeira anualidade terá que realizarse no prazo máximo de **quinze días** a contar dende a sinatura do contrato, e consistirá na entrega do material nas dependencias do Concello de Lugo que indique o Servizo de Informática. No caso de que se requira a entrega de novas licenzas no segundo e terceiro anos de contrato, esta entrega deberá realizarse nos quinze días seguintes ao remate do período anual do contrato.

A titularidade da subministración e do contrato de licenzas será o Concello de Lugo.

7. CRITERIOS DE ADXUDICACION

O único criterio de adxudicación será o do **prezo** ofertado, polo tanto, a empresa adxudicataria será á que presente a oferta máis barata para o Concello de Lugo.

8. IMPORTE DO CONTRATO

O prezo máximo de licitación para o total dos tres anos do contrato ascenderá a **167.061,07 €** IVE incluído.

A desagregación por anualidades do importe máximo do contrato será:

Ano 2016: **34.969,00 € + IVE (21%): 42.312,49 €**

Ano 2017: **51.549,00 € + IVE (21%): 62.374,29 €**

Ano 2018: **51.549,00 € + IVE (21%): 62.374,29 €**

>>

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 42.312,49 euros con cargo á aplicación 92002.64100 do vixente Orzamento xeral (RC 86779 CP 16XX00045) e adoptar o compromiso de incluír nas anualidades seguintes as cantidades restantes ata a finalización do contrato.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x480090776

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2016

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e o do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.